

**PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE  
INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN**

Departamento de Francés  
Xefe do Departamento: Daniel Diez Correa

## ÍNDICE:

- p.3 INTRODUCCIÓN.
- p.3 1) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.
- p.11 2) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.
- p.11 3) Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- p.12 4) Temporalización e grao mínimo de consecución para superar a materia.
- p.13 5) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- p.13 6) Instrumentos de cualificación.
- p.14 7) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
- p.14 8) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente
- p.18 9) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- p.18 10) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
- p.19 11) Medidas de atención á diversidade.
- p.19 12) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.
- p.20 13) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.
- p.21 13) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

## INTRODUCCIÓN.

### **A materia de Investigación e Tratamento da Información.**

É o segundo ano que se ofrece esta materia desde o Departamento de Francés e impartida por Don Daniel Diez Correa (Xefe de Departamento). O obxectivo é que os alumnos teñan competencias no tratamento, de forma intensiva ao longo dun curso escolar, dos contidos que constitúen a cerna da denominada competencia informacional. Esta competencia aparece supeditada, na vixente normativa, á competencia dixital, e involucra un complexo grupo de destrezas, coñecementos e actitudes imprescindibles para se desenvolver na sociedade da información e, a unha escala máis próxima, nas prácticas académicas máis comúns.

Esta materia non se pode abordar de xeito lineal nin teórico. Non se trata de desenvolver os bloques como compartimentos estancos ou propostas diferenciadas. Pola contra, o desenvolvemento da competencia informacional require o deseño de situacións contextualizadas que obriguen á resolución dun problema ou á realización dun produto, textual ou audiovisual, como resposta a unha necesidade de información.

### **1) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.**

O desenvolvemento curricular desta materia recolle criterios e estándares de avaliación que responden a varias competencias clave do actual currículo. A competencia en comunicación lingüística, CCL; a competencia dixital, CD; a competencia de aprender a aprender, CAA e o sentido de iniciativa e espírito emprendedor, CSIEE, son as máis beneficiadas. Pero tamén axuda a desenvolver as competencias sociais e cívicas, CSC, e a de conciencia e expresión culturais, CCEC. Un tratamento interdisciplinar destes contidos, tal e como se propón, beneficiará a adquisición de todas as competencias clave.

		Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO			
Obxectivos		Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		Bloque 1. A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital			
B 1	A	B1.1A biblioteca como espazo de acceso á información	B1.1. Utilizar a biblioteca como espazo de acceso á información presencial ou virtual.	Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de lectura e de información.	CCL CD CAA CSIEE CCEC
				Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais.	CCL CD CAA
B 1	B	B1.2. As bibliotecas como espazos culturais.	B1.2. Identificar a biblioteca do centro e outras bibliotecas do contorno máis próximo, como espazos culturais dispoñibles á hora de cubrir as necesidades de lectura e de información.	Utiliza outros tipos de biblioteca aos que pode ter acceso no seu contorno máis próximo.	CSC
B 1	B	B1.3. Recursos informativos: fontes orais, recursos físicos e virtuais.	B1.3. Identificar os recursos informativos dispoñibles segundo tipoloxía, soportes e formatos.	Diferencia os documentos informativos en función do seu contido.	CD CAA CSIEE
				Accede ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades informativas.	CCL CAA
				Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais.	CSIEE CAA
B		B1.4. Estratexias de procura eficaz.	B1.4. Adaptar as estratexias de procura ás características dos recursos dixitais.	Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados.	CCL CAA

Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h			Recupera de forma eficaz contido informativo dos recursos dixitais.	CCL CAA CD
j	B1.5. Dereitos de autoría.	B1.5. Recoñecer os dereitos de autoría.	Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes.	CSC CAA
Bloque 2. Fontes informativas. Localización e selección				
p	B2.1. Recursos físicos. Sistemas estandarizados de organización da biblioteca.	B2.1. Coñecer a organización da biblioteca e a CDU como sistema estandarizado.	Identifica os códigos da CDU polos que están organizados os fondos.	CCL CAA
			Recupera facilmente os documentos que precisa.	CAA
e	B2.2. Procuras no catálogo informatizado da biblioteca escolar.	B2.2. Comprender e saber utilizar o catálogo informatizado da súa biblioteca.	Realiza procuras no catálogo por autor/a, título ou materia.	CAA CD CSIEE
			Localiza documentos, en función das súas necesidades informativas, no catálogo web da biblioteca.	CAA CD CSIEE
p	B2.4. Recursos dixitais. Internet como fonte de información.	B2.4. Acceder á rede e coñecer os recursos dispoñibles a través de internet.	Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información.	CD CAA CSIEE
			Utiliza internet valorando as características deste medio en relación a aspectos como a permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, a selección, a gratuidade, a dispoñibilidade, a autoría, etc.	CD
p	B2.5. Necesidade dun plan de procura de información. Palabras clave e outras estratexias de procura. Motores de procura.	B2.5. Planificar as procuras informativas e empregar con eficacia palabras clave para a obtención de información e uso de motores de procura	Establece un sistema de procura eficaz de información.	CD CAA CSIEE

Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		diversificados.	. Utiliza palabras clave e aplica estratexias eficaces de procura para localizar información na web.	CD CAA CSIEE
			Identifica produtos informativos diferentes en función das súas necesidades e dos seus obxectivos de traballo.	CD CAA
			Emprega prensa e revistas dixitais como fonte informativa.	CD CAA
Φ	B2.6. Espazos web e redes sociais como plataformas de comunicación e información.	B2.6. Coñecer as redes sociais os espazos web creados na aula, na biblioteca e no centro, e participar neles.	. Intervén nas redes sociais creadas no seu centro respectando as finalidades para as que foron creadas: educativa, participativa, etc.	CD CSC CSIEE
Φ	B2.7. Beneficios e riscos da rede. Dereito de privacidade.	B2.7. Valorar os beneficios e os riscos da rede.	Navega por internet con seguridade preservando a súa identidade e a súa privacidade.	CD CSC CSIEE
Φ	B2.8. Fiabilidade dos espazos web.	B2.8. Coñecer e usar os criterios para identificar os espazos web fiables.	Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidades, publicidade, contacto, etc.	CCL CD CAA
ϕ	B2.9. Internet e as creacións colectivas: Galipedia, Wikipédia, etc.	B2.9. Valorar as creacións colectivas en internet: Wikipédia, Galipedia, etc.	Emprega as creacións colectivas en internet: Wikipédia, Galipedia, etc.	CD CSC
Φ	B2.10. Valoración da información recollida na rede.	B2.10. Avaliar de forma crítica a información recollida e contrastar información en distintas fontes.	Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede.	CCL CD CAA
			. Contrasta a información recollida na rede con outras fontes orais ou impresas.	CCL CD CAA

Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 3. Organizarse para investigar				
σ	B3.1. Procesos de investigación.	B3.1. Recoñecer os pasos para seguir nun proceso de investigación	Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.	CAA CSIEE
σ	B3.2. Planificación dun proxecto de investigación.	B3.2. Planificar o proceso de procura e recuperación da información.	Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar.	CCL CAA
σ	B3.3. Traballo en grupo.	B3.3. Organizar o traballo a nivel individual ou grupal, e responsabilizarse das tarefas adxudicadas.	Escoita aos integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas.	CCL CAA CSC
			Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden.	CAA CSC
σ	B3.4. Preparación da procura informativa.	B3.4. Identificar o tema para investigar e os aspectos clave.	Formula preguntas sobre o tema sobre o que se vaia investigar.	CCL CAA
σ	B3.5. Recuperación dos coñecementos previos e definición de obxectivos de procura.	B3.5. Recuperar os coñecementos previos sobre o tema e definir os aspectos sobre os que precisa informarse.	Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información.	CCL CAA
Bloque 4. Procura e tratamento da información				
σ	B4.1. Necesidades informativas, fontes de información e procesos de procura, valoración e selección de información.	B4.1. Identificar o tipo de información que se precisa, localizar as fontes informativas dispoñibles, realizar consultas informativas seguindo un plan deseñado previamente e empregar o recurso informativo máis apropiado ao tipo de información que se precisa.	Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.	CCL CD CAA
			Localiza os recursos dispoñibles e acordes á súa necesidade informativa.	CCL CD CAA

Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			Concreta o proceso de procura de información	CCL CD CAA
			Escolle os recursos informativos que precisa de forma eficaz.	CCL CD CAA
h	B4.2. Análise e comprensión da información atopada.	B4.2. Ler de forma comprensiva textos informativos de diferente tipoloxía (continuos, descontinuos, e procedentes dos medios de comunicación e dos medios audiovisuais).	Comprende e analiza textos continuos e descontinuos, esabe extraer as ideas principais.	CCL CD CAA
			Deduce información implícita ou explícita dos contidos audiovisuais e dos textos dos medios de comunicación.	CCL CD CAA
g	B4.3. Interpretación e valoración da información atopada.	B4.3. Valorar a información atopada en función de determinados criterios: pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.	Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.).	CCL CD CAA
g	B4.4. Proceso da información: extracción e síntese.	B4.4. Extraer a información precisa, en función dos obxectivos do traballo, de forma sintetizada.	Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo.	CCL CD CAA
e	B4.5. Citas e referencias.	B4.5. Recoller as fontes consultadas para os efectos de citalas correctamente no produto final.	Compila as fontes consultadas e citaas correctamente.	CCL CD CAA CSC CCEC
Bloque 5. Xeración de contidos e comunicación				
g	B5.1. Organización e reelaboración da información.	B5.1. Organizar a información recuperada de distintas fontes, xerarquizándoa e plasmándoa en esquemas, mapas conceptuais, guións, etc.	Realiza esquemas, mapas conceptuais, guións, etc., para organizar a información recuperada.	CCL CD CAA



Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
σ	B5.2. Estruturación da información recollida mediante gráficos, diagramas, etc.	B5.2. Elaborar diagramas, gráficos, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., coa información recuperada.	Representa mediante gráficos, diagramas, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., parte da información recuperada.	CCL CD CAA
σ	B5.3. Reelaboración e personalización da información.	B5.3. Estruturar mediante un guión textos propios, expositivos, descritivos e explicativos, a partir da información reunida.	Elabora guións para estruturar os textos creados a partir da información reunida.	CCL CD CAA
σ	B5.4. Presentación dos produtos informativos propios. Pautas para a presentación de traballos escritos.	B5.4. Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de traballos escritos (paxinación, índice, bibliografía, etc.), utilizando procesadores de texto de forma autónoma.	Presenta os seus traballos segundo unhas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía, etc.	CCL CD CAA
			Elabora textos propios mediante un procesador de textos.	CCL CD
σ	B5.5. Elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais.	B5.5. Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais.	Elabora material de apoio para as súas presentacións orais.	CCL CD
			Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación.	CCL CD CAA
σ	B5.6. Citas e referencias nos traballos informativos (artigos, monografías, presentacións, produtos audiovisuais, etc.).	B5.6. Coñecer e empregar correctamente unhas pautas polas que se rexe a forma de citar diferentes fontes.	.Cita con corrección os libros consultados.	CAA CD CSC CCEC
			Segue unha pauta para facer a referencia de artigos de revistas, música, películas, páxinas de internet, autoría de imaxes, etc.	CCL CD CAA CSC
σ	B5.7. Tratamento e edición de produtos dixitais (presentacións, vídeos, etc.).	B5.7. Incorporar imaxes aos traballos escritos ou ás presentacións cun tratamento adecuado.	Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación.	CD CCEC

Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
6	B5.8. Características dos textos dixitais eficaces.	B5.8. Identificar e valorar as pautas para a produción de textos dixitais eficaces (lonxitude dos textos escritos, presentacións eficaces, etc.)	Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.	CCL CD
6	5.9. Exposicións orais dos traballos realizados. escoita atenta e respecto polo traballo das demais persoas.	B5.9. Expor de forma ordenada e a partir dun guiión previo o traballo realizado, argumentando as opinións propias de xeito razoable e con respecto polas pautas da comunicación grupal (escoita atenta, respecto pola opinión das outras persoas, quendas de palabra, etc.).	Participa na presentación oral dos traballos elaborados.	CCL CSIEE
			Defende con argumentos as opinións propias e respecta o traballo alleo.	CCL CSC CSIEE
			Escoita con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo.	CCL CSC
6	B5.10. Avaliación e aplicación das aprendizaxes realizadas a través dos traballos de investigación á vida persoal, académica e social.	B5.10. Avaliar o proceso de elaboración do traballo feito, e tomar conciencia das aprendizaxes realizadas, e aplicar os coñecementos adquiridos á súa vida persoal, académica ou social.	Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal.	CAA CSIEE
			Identifica e valora as aprendizaxes realizadas.	CAA CSIEE
			Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas.	CAA CSC
			Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social.	CAA CSIEE

## **2) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.**

- Desenvolver habilidades, coñecementos e actitudes en relación coa información en distinto tipo de textos informativos e en diferentes soportes e formatos.
- Abordar a realización de pequenos traballos de investigación de carácter individual ou en grupo, cun mínimo de eficacia.
- Achegar os alumnos e alumnas á biblioteca escolar do centro e ás súas posibilidades para acceder a textos informativos de diversa índole.
- Recoñecer os dereitos de autoría.
- Procurar información en fontes impresas ou dixitais, e en documentos de formato e contido diverso.
- Elaborar un traballo de investigación no que a planificación, a formulación de preguntas e a recuperación dos coñecementos previos son esenciais.
- Analizar a valoración da información que se recolle, así como na compilación das fontes consultadas para o seu recoñecemento posterior.
- Sintetizar e estruturar a información, e personalizar en produtos orixinais, impresos, audiovisuais ou dixitais o coñecemento adquirido para una comunicación eficaz.

## **3) Concrecións metodolóxicas que require a materia.**

A metodoloxía será activa ou de traballo por proxectos, que implican a consulta de fontes informativas diversas, fóra do libro de texto. O desenvolvemento dos contidos desta materia está ligado á biblioteca escolar do centro desde o momento en que esta, concibida como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, se constitúe como ferramenta esencial para o desenvolvemento de competencias clave ás que contribúe esta materia. Polo dito ata agora, esta materia non se pode abordar de xeito lineal nin teórico. Non se trata de desenvolver os bloques como compartimentos estancos ou propostas diferenciadas. A metodoloxía de proxectos resulta a máis acaída para garantir o tratamento de todos os contidos previstos e a adquisición dos estándares de avaliación que se proponen, pois requiren a identificación dunha necesidade informativa, a planificación e a

distribución de tarefas entre os membros dun grupo, a realización de pequenas investigación e tarefas integradas de cara á elaboración dun produto final que cómpre comunicar. Traballar neste tipo de proxectos axudaralles non só a adquirir habilidades de uso, tratamento e produción de información: permitiralles construír o seu coñecemento e adquirir competencia de aprender a aprender entre outras. É por iso que vamos a tratar os contidos a partir dun tópico, un problema ou a necesidade de coñecer, comprender e comunicar as súas descubertas, sobre una situación do seu contexto máis próximo ou doutras realidades ás que pode acceder o alumnado. O proceso de xestión da información ( procura, recuperación, análise, tratamento, comunicación e aplicación) pode alcanzar diferentes niveis de complexidade que deberán adaptarse á situación informativa que se deseñe e ao nivel competencial do alumnado.

#### **4) Temporalización e grao mínimo de consecución para superar a materia.**

Esta materia non pode ser dividida estrictamente polos bloques, ten que ser considerada máis ben de forma lineal. Para ter unha temporalización máis ou menos deseñada podemos reflexala da seguinte maneira:

Bloque 3, 4 e 5: 1º e 3º trimestres na aula Abalar

Bloque 1 e 2: 2º trimestre na biblioteca

#### **Grao mínimo de consecución:**

- Sabe utilizar a biblioteca como fonte de información.
- Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados.
- Recupera información dos recursos dixitais
- Respecta a autoría de textos e imaxes.

- Utiliza todo tipo de soportes e formatos como fonte informativa.
- Navega por internet con seguridade preservando a súa identidade e privacidade.
- Identifica os obxectos e as fases do traballo de investigación.
  
- Sabe elaborar esquemas, resumos, guións ou mapas conceptuais.
- Argumenta as súas opinión e respecta as opinión das outras persoas.
- É responsable das tarefas que lle corresponden.
- Comprende e analiza textos continuos e discontinuos.
- Cita as fontes consultadas.
- Representa mediante gráficos e diagramas a información.
- Presenta os traballos de forma correcta.
- Valora o traballo de outras persoas.

#### **5) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.**

Biblioteca: Libros, revistas, prensa, textos, ordenadores.

Aula de 2º que conta con o proxecto ABALAR.

#### **6) Instrumentos de cualificación.**

Observación na aula

Traballos escritos

Exposición de traballos

## 7) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Xa que se trata de unha materia onde se investiga, elabora e trata a información, a avaliación non pode ser contemplada por bloques porque todos interatúan o tempo todo.

A nota final tomará en conta os traballos realizados en grupos (1 por trimestre no mínimo) ou o desempeño, traballo e disposición de cada alumno.

Nesta materia é moito importante e relevante o proceso no traballo para alcanzar os obxetivos

Avaliado	Instrumentos	Valor
Elaboración de materiais	Traballos feitos en grupo ou individuais observación na aula ou biblioteca	50%
Saber traballar e respetar o traballo dos compañeiros	Observación na aula ou biblioteca	50%

## 8) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

### Planificación

Indicadores	Valoración	Proposta de mellora
1. Programa a asignatura tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2. Programa a asignatura tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en		

as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.		
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
6. Establece os criterios, procedimentos e os instrumentos de avaliación e autoevaluación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos		
7. Se coordina co profesorado de outros departamentos que poidan ter contidos afíns a súa materia.		

## MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

Indicadores	Valoración	Proposta de Mellora
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
2. Plantea situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
3. Relaciona os aprendizaxes con aplicacións reais ou con a súa funcionalidade.		
4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.		

5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.		
7. Promove a reflexión dos temas tratados.		

## DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

Indicadores	Valoración	Proposta de Mellora
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade con mapas conceptuais, esquemas...		
2. Cando introduce contidos novos, os relaciona, se é posible, cos coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fora das		
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.		
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluida cos estudantes.		
7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e las alumnas.		



8. Plantea actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
9. Plantea actividades grupais e individuais		

### **SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE**

Indicadores	Valoración	Proposta de Mellora
1. Realiza a Avaliación inicial no principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode		
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e da pautas para a mellora de seus aprendizaxes.		
6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non son		

acadados suficientemente.		
9. Propón novas actividades de máis alto nivel cando os obxectivos son acadados con suficiencia.		
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.		

### **9) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias**

#### **pendentes.**

Este curso non hai alumnos con esa materia pendente. De cara ao curso que ven, se un alumno non superara a materia terá que entregar un traballo de investigación sendo aprobado se a nota acada o 5.

### **10) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**

AAvaliación inicial consistirá na realización dunha proba escrita. Para este curso a proba consistirá en:

- 1 - Comprender as ideas principais dun texto e diferencialas das secundarias.
- 2 -Facer un resumo dun texto que pode estar en distintos soportes e formatos.

Dita proba pon de manifesto:

- As fortalezas que se identifican no grupo en relación aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais qprioritarios que hai que practicar no grupo.
- Os aspectos que se deben ter en conta na hora de agrupar os alumnos e alumnas nos traballos grupais.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar para o logro óptimo do grupo.
- Identificar os alumnos/as que necesitan un maior seguimento o personalización de estratexias de aprendizaxe ( actividades de reforzo ou de ampliación)
- Planificar os reforzos e xestionar os tempos para favorecer a intervención individual.
- Compartir a información de cada alumno ou alumna co resto de profesorado

### **11) Medidas de atención á diversidade.**

Esta materia é unha asignatura idónea para traballar con alumnos que presentan carencias en aspectos fundamentais como a expresión escrita, comprensión lectora, a convivencia e traballo cos compañeiros, a autoestima. Para isto adecuaranse as agrupación á hora do desenvolvemento dos traballos en equipo, graduarase o nivel de dificultade de determinadas actividades e se fose necesario en colaboración co Departamento de Orientación, realizaranse adaptacións curriculares significativas individualmente para cada alumno con problemas.

### **12) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.**

#### **CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR**

- Elaboración de resumos, mapas conceptuais e esquemas. Utilización da lectura en voz alta como instrumento para mellorar a comprensión lectora.
- Fomento do uso e consulta dos dicionarios e das distintas fontes da información en todo tipo de soporte e formato.
- Realización de traballos de documentación antes e despois dunha actividade complementaria e extraescolar.
- Procura de información en xornais e revistas de temas de actualidade.
- Exposición oral dos traballos desenvolvidos polos alumnos.

#### **CONTRIBUCIÓN ÁS TIC**

- Exposición de traballos coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC utilizando diferentes programas informáticos e o cañón.
- Manexo dos principais programas ofimáticos: procesadores de texto e presentacións sinxelas.
- Fomento do uso da rede Internet como ferramenta para obter, interpretar e avaliar información para realizar os traballos.
- Promoción da utilización dos servivios de Internet: consulta de páxinas web, correo electrónico, chats, grupos de noticias, foros e transferencias de arquivos.

## **PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES**

- Educación non sexista: A educación para a igualdade entre os homes e as mulleres maniféstanse de forma xeral durante o desenvolvemento da materia a través dun reparto non discriminatorio dos diferentes tipos de tarefas. Fomentase a igualdade.
- Educación para a convivencia: A educación moral e cívica atopa espazos de tratamento nos contidos relacionados co traballo en grupo e a cooperación co grupo.
- Educación para o consumidor: A educación para o consumo ten un tratamento xeral nos contidos relacionados coa publicidade, dereitos de autor/a.
- Educación para a paz: Evitando conflitos entre os compoñentes dos grupos de traballo ou entre os compañeiros da aula, etc.

## **ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

Neste departamento contribuirase ao plan de convivencia do Centro coas seguintes accións:

Control de faltas de asistencia

Asistencia ao titor do alumno

Asistencia á familia

Fomento na aula da liberdade, igualdade, resolución de problemas

## **13) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.**

De momento non ten actividade extraescolar prevista para este curso.

#### **14) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora**

Mensualmente:

Revisarase a temporización da programación así como a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, adaptando esta á diversidade do alumnado.

Ó final de cada trimestre:

Revisarase a temporización da programación, a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, e o grado de cumprimento de obxectivos e de adquisición de competencias.

Revisarase a programación e anotarase as modificacións nas actas do Departamento.

Ó final do curso:

Revisarase a temporización da programación, a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, e o grado de cumprimento de obxectivos e de adquisición de competencias. Revisarase a programación e anotarase as modificacións na memoria final do Departamento e teranse en conta para a programación do curso seguinte.

## **Adaptación da programación a situación da pandemia do COVID.**

### **Plan de recuperación**

Xa que esa materia non ten continuidade (dáse ou en 1º ou en 2º) non temos plan de recuperación.

### **Metodoloxía COVID**

Neste contexto este curso **non se poderá facer traballos e actividades en grupos.**

No suposto de ter que dar clase a distancia, teremos que adaptar a metodoloxía. Haberá 2 modalidades posibles:

- por conexión Internet, as clases daranse a través da Aula Virtual do Centro.
- se o alumnado non dispón de conexión a Internet, os traballos e fichas estarán disponibles no Centro para a continuidade das aprendizaxes correctas.

### **Avaliación no suposto das clases a distancias.**

Todas as probas e traballos **serán individuais** debido ao contexto este curso.

#### - Procedementos:

Na Aula Virtual do Centro estarán varias actividades propostas que abarcan a realización de traballos e comprensión lectora.

A realización de traballos corresponderán ao 45% da nota

Os traballos de comprensión lectora corresponderán ao 45%

A puntualidade da entrega como dito no apartado de instrumentos e a boa comunicación co alumnado corresponderá ao 10%

#### - Instrumentos:

Valorarase a entrega de dichas tarefas e se procederá a súa corrección e comunicación por correo individual a cada alumno que entregue las tareas.

No caso do **alumnado sen conexión**, a avaliación será a mesma que na modalidade telemática.